

ACTA FUNDACIONAL DA ASOCIACIÓN PEDAGÓXICA
“NOVA ESCOLA GALEGA”

O sábado día 19 de Agosto de 1983, ás 16:30 horas, e en réxime de autoconvocatoria, reuníronse en Vigo (Pontevedra) trinta e seis mestres exercendo en distintos puntos de Galiza en varios dos niveis do sistema educativo, coa finalidade de proceder á constitución dunha Asociación Pedagóxica, previo debate e discusión da posíbel denominación, borrador de Estatutos e outros extremos.

Logo dunha intensa reflexión, a totalidade dos reunidos tomaron os seguintes acordos:

1. Aprobación por unanimidade da denominación da Asociación, que será NOVA ESCOLA GALEGA.
2. Aprobación por unanimidade dos Estatutos que se achegan para a súa aprobación oficial pola Instancia a quen corresponde.
3. Aprobación por unanimidade da Constitución da presente Asociación Pedagóxica.
4. Aprobación da Comisión Xestora que prepare a próxima Asemblea Ordinaria da Asociación e todos aqueles extremos conducentes á formalización da mesma; Comisión Xestora que quedou formada polas seguintes persoas que asinan na marxe esquerda do presente Documento:

Antón Costa Rico, DNI 33811911.
Miguel Vázquez Freire, DNI 32395491.
Xosé Lastra Muruais, DNI 33810533,
José A. Prado Díez, DNI 71914012.
Antón Rozas Caeiro, DNI 33134314.
Manuel Fernández Domínguez, DNI 33221585.
Jesús Vecino Eiras, DNI 32342607.
Francisco Martín, DNI 33739410.

Tomados os anteriores acordos, quedou constituída a nova Asociación á espera da súa autorización oficial e inscrición no Rexistro de Asociacións. Levantouse a sesión.